

DEPORT/2022/126

Dna. Adela Miguéns Muñiz, secretaria/delegada da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.

CERTIFICO: Que polo Consello Reitor, en sesión celebrada o día **3 DE MAIO DE 2022**, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, EJERCICIO 2022, CORRESPONDENTE Á TEMPADA 2020/21 OU, ANO 2021, ASÍ COMO DA SÚA SOLICITUDE E ANEXOS ADXUNTOS.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das bases da convocatoria de Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2022, correspondente á tempada 2020/21 ou, ano 2021, así como indica que a confección de toda a documentación realizarase a través da Plataforma de Xestión de Subvencións contratada por esta Fundación de Deportes, para axudar aos Clubes/Entidades Deportivas a correcta presentación da mesma, na dirección <https://vilagarcia.cluber.es> e no que terán a súa disposición a **Solicitud e Anexos e Certificado da Federación correspondente nos modelos normalizados**. Na que obrigatoriamente deberán subir toda a documentación e unha vez validada, xenerará un PDF final en formato oficial, que deberá ser asinado dixitalmente polo representante legal do Club/Entidade Deportiva e, rexistrarse na Sede electrónica da Fundación de Deportes. Así como sinala que a consignación económica será por importe de 82.000,00 €, con cargo á partida 341-483,00 e, en caso excepcionais, poderá aumentarse a citada consignación, coa existencia de sobrantes nas partidas coa mesma vinculación xurídica,.

Prodúcese un pequeno debate sobre o asunto e, unha vez finalizadas todas as intervencións, o Consello Reitor por unanimidade acorda aprobar as bases da convocatoria de Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2022, correspondente á tempada 2020/21 ou, ano 2021.

E para que conste ca súa unión ao expediente, expido a presente, en Vilagarcía de Arousa, a nove de maio de dous mil vinte e dous.

